

NOME DA ACTIVIDADE

- **O acuario**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B2**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **MÁIS DE 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- A expresión e a comprensión oral.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado traballe a expresión e a comprensión oral no ámbito laboral.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- O docente debe seguir o traballo que se realiza en cada grupo, coa finalidade de reorientalo no caso de que decaia o discurso.
- Á hora de escoller as persoas que van estar no círculo interior cumpriría ter en conta aquelas con máis facilidade de palabra pois iso achegaríalle dinamismo á actividade.
- O docente debe transmitirle ao alumnado que a finalidade do exercicio non é chegar a un acordo sobre a escolla da persoa, senón os argumentos que se empregan para defender a escolla propia.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Divídese o alumnado en grupos de 8 persoas, cada un dos cales vai desenvolver a actividade con independencia dos demais.

En cada un dos grupos elíxense 4 persoas que se sitúan en círculo. Estas pertencen ao Departamento de Persoal dunha empresa e deben escoller entre varias persoas aspirantes quen pasa a formar parte do cadro de persoal da entidade en que traballan. A decisión deben tomala a partir dos seus currículos.

O posto no que vai traballar é de director comercial de servizos de hostalaría (catering), polo que do que se trata é de dilucidar cal desas dúas persoas é a máis idónea para o posto.

Este grupo central non vai saber cal é a función das persoas que hai ao seu redor e non van ter pautas de comportamento, teñen liberdade para actuar como consideren oportuno. Disporán dun tempo para familiarizarse cos datos dos currículos.

Arredor delas haberá outras 4, cada unha das cales debe analizar unha persoa concreta. Os elementos nos que deben reparar son: a linguaxe non verbal (ton, cara, mirada), o número de intervencións, a argumentación e a actitude durante o debate.

O debate entre o grupo pode transcorrer durante uns 15 min.

A posteriori o alumnado xúntase nun gran grupo e cada un dos observadores debe expoñer aquelas cousas en que repararon incidindo en cales son segundo eles as virtudes e as eivas da comunicación do acuario e cales son os seus condicionantes.

MATERIAIS DA FICHA

Primeiro currículo

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos: Ana Moscoso Coello
Data de nacemento: 11 de outubro de 1974
Lugar de nacemento: Ourense
DNI: 96358411-P
Enderezo: Avenida das Burgas, nº 3, 2º B, 94768-Ourense
Teléfono: 600 300 300
Correo electrónico: anamoscoso@mundo-r.com

ESTUDOS REALIZADOS

1988 Graduado escolar no Colexio Público A Granxa, de Ourense
1989 Curso de hostalaría polo Inem, no Centro de Formación A Ponte. 600 horas

IDIOMAS

Galego: lingua materna
Castelán: falado e escrito
Inglés: falado e escrito
Alemán: coñecementos básicos

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Maio 2000-xaneiro 2006	Xefa de camareiros no Restaurante Casino de Mallorca
Xaneiro 1995-1999	Recepcionista no Hotel Blue de Mallorca . Funcións: recepción de clientes, reserva de cuartos
Marzo 1994-décembro 1994	Xefa de camareiros no Restaurante Casino de Mallorca
Xullo 1992-febreiro 1993	Camareira na discoteca KU de Madrid
Marzo 1991-xuño 1992	Camareira no Hotel San Marcos en Benidorm Funcións: servizo de cuartos e comedor
Xaneiro 1990-setembro 1990	Camareira no Restaurante Line en Londres

OUTROS DATOS DE INTERESE

Carné de conducir B1. Coche propio
Dispoñibilidade para viaxar
Dispoñible para incorporación inmediata

Segundo currículo

INFORMACIÓN

PERSOAL

Nome	VARELA PENA, XOSÉ
Enderezo	Rúa Cunqueiro, 3, 2º B, 15704 -Santiago de Compostela, Galicia
Teléfono	600 200 500
Fax	981 000 010
Correo electrónico	xosevarela@mundo-r.com
Data de nacemento	18.09.1972

EXPERIENCIA

PROFESIONAL

Datas	Novembro de 1994 a xullo de 1997
Empresa	Supernova, S. A.
Función ou cargo ocupado	Secretario de dirección
Principais actividades e responsabilidades	- Secretario persoal da directora da compañía: axenda, reunións, chamadas, documentos, cartas, correo, arquivo

Datas	Setembro de 1997 a xullo de 2005
Empresa	Campos, S. L.
Función ou cargo ocupado	Secretario de dirección e encargado de protocolo
Principais actividades e responsabilidades	- Secretario persoal do director da compañía - Organización de eventos

FORMACIÓN

ACADÉMICA E

PROFESIONAL

Datas	Setembro de 1989 a xullo de 1994
Centro de formación	Escola Oficial de Idiomas de Barcelona
Principais disciplinas	Lingua inglesa
Título da cualificación obtida	Título do ciclo superior de inglés

Datas (de-ata)	Decembro de 1993 a xullo de 1994 (300 horas)
Nome tipo da organización de ensino ou formación	UNED
Competencias profesionais	Protocolo
Título da cualificación obtida	Mestrado en Protocolo Internacional

Datas	Novembro de 2003 a febreiro de 2004 (125 horas)
Centro de formación	Universidade de Santiago de Compostela
Principais disciplinas	Word, Excell e Access
Título da cualificación obtida	Diploma do curso de ofimática

Datas	Outubro de 1990 a setembro de 1993
Centro de formación	Centro Europeo Meytaqui, Barcelona
Competencias profesionais	- Xestión das comunicacións internas e externas empresariais, tanto orais coma escritas - Informática aplicada á empresa - Organización e supervisión de traballos de secretariado - Elaboración e presentación de documentos de traballo, integrando datos, textos e gráficos
Título da cualificación obtida	Título de diplomado en secretariado de dirección
APTITUDES E COMPETENCIAS PERSOAIS	
PRIMEIRA LINGUA	Galego, castelán
OUTRAS LINGUAS	Catalán
Comprensión escrita	nivel: medio
Expresión escrita	nivel: medio
Expresión oral	nivel: medio
	Inglés
Comprensión escrita	nivel: excelente
Expresión escrita	nivel: excelente
Expresión oral	nivel: excelente
	Francés
Comprensión escrita	nivel: elemental
Expresión escrita	nivel: elemental
Expresión oral	nivel: elemental
APTITUDES E COMPETENCIAS DE ORGANIZACIÓN	Organización de equipos de traballo no Centro Europeo Meytaqui para diferentes proxectos
APTITUDES E COMPETENCIAS TÉCNICAS	Dominio do paquete informático Office e doutros programas de deseño gráfico: Illustrator e Macromedia Freehand
INFORMACIÓN ADICIONAL	En curso, Mestrado de Organización de Eventos na Universidade de Santiago de Compostela, con finalización prevista para xullo deste ano Permiso de conducir B1, coche propio

